

EDITO DE MODIFICACIÓN CALENDARIO FISCAL 2020 DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN.

Con data 6 de maio de 2020 pola Alcaldía do Concello de Teo ditouse a seguinte Resolución, cuxo tenor literal di:

“Tendo en conta as excepciónais circunstancias concorrentes ante a pandemia COVID-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde, e a sucesión de disposicións adoptadas a nivel estatal, concretamente, entre outras, o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada por COVID-19, o Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 463/2020, e o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, sobre medidas urxentes extraordinarias para afrontar o impacto económico e social do COVID-19.

Considerando o vixente calendario fiscal do Concello de Teo, publicado no BOP o 19 de febreiro do 2020 (nº 34).

Considerando que, en base ao citado calendario fiscal, o período de cobranza do 1º trimestre da Taxa de abastecemento de auga, comezou unha vez declarado o estado de alarma, e tendo en conta ademais a conveniencia de minimizar o impacto económico nas empresas e nos particulares, resulta conveniente ampliar o prazo do primeiro trimestre do 2020 e modificar os períodos de cobro trimestrais subseguintes.

En virtude do exposto e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 24 do Regulamento Xeneral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o calendario fiscal do exercicio 2020 da taxa de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración e canón da auga da Xunta de Galicia (BOP nº 34, do 19/02/2020), establecendo os seguintes prazos de pago en período voluntario e engadindo a data de cargo de domiciliacións:

TRIMESTRE	PERÍODO VOLUNTARIO	DATA CARGO RECIBOS DOMICILIADOS
1º TRIMESTRE 2020	DO 15/04/20 AO 31/07/2020	05/06/2020
2º TRIMESTRE 2020	DO 14/08/20 AO 15/10/20	05/09/2020
3º TRIMESTRE 2020	DO 2/11/2020 AO 04/01/2021	05/12/2020
4º TRIMESTRE 2020	DO 15/01/2020 AO 05/04/2021	05/02/2020

**Informase ademais a través do presente Edito, que unha vez rematado o prazo final de pago fixado o 1 de xullo, no calendario fiscal inicial antes da súa*



modificación, remitiranse ao domicilio as cartas de pago, correspondentes as taxas impagadas, co novo prazo de pago ampliado a 31 de xullo.

Teo a 6 de maio de 2020.

O Alcalde

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira